

## **BASES DA CONVOCATORIA DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2019**

O Concello de Val do Dubra pon en marcha para o mes de Xullo 2019, dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos, un programa de entretemento para os períodos de vacacións escolares. O obxectivo deste programa é ofertar unha alternativa que facilite aos pais e nais a conciliación da vida familiar e laboral, e as/os nenas e nenos pasar unhas vacacións divertidas e educativas.

### **1. DESTINATARIAS/OS:**

Pode participar calquera nena ou neno con idade comprendida entre os 3 e os 12 anos, que estean empadroados no Concello de Val do Dubra. No caso de que queden prazas vacantes poderán acceder nenas e nenos non empadroadas/os, co cal inscribiremos a todas e todos.

### **2. INSCRICIÓN:**

Para poder participar deberán cubrir:

- \* A ficha de inscrición.
- \* Resgardo da follla de taxas de ter aboado o custo do servizo.
- \* Impresos de autorización.

Estes documentos deberán entregarse como data límite **ata o 27 de xuño ás 14:00h** .

### **3. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO:**

Este servizo desenvolverase de **10:00h** da mañan ata as **14:00h**.

**1ª Quenda do 1 ao 15 de xullo (ambos incluídos).**

**2ª Quenda do 16 ao 31 de xullo (ambos incluídos).**

### **4. LUGAR DE DESENVOLVEMENTO:**

Centro de formación ocupacional- Aula de maiores.

### **5. CUSTO DA ACTIVIDADE:**

O custo da actividade será de **44 € por nena/o cada quenda**. No caso de irmás ou irmáns o custe verase reducido nun **50%** para o segundo e sucesivos.

A forma de pago será mediante ingreso no seguinte número de conta:

**BANCO PASTOR ES52-0238-8204-1606-6000-0173**

**6.** A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso destas normas.